

ORDENANZA FISCAL Nº 41, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN CON VENDA DE PRODUTOS E DEMAIS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO MERCADO MEDIEVAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO.

Artigo 1.- Fundamento legal.

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola participación con venda de produtos e demais actividades desenvolvidas no Mercado Medieval do Concello de Mondoñedo.

Artigo 2.- Nacemento da obriga.

A obriga de pagar o prezo público nace no momento en que se admita polo departamento de cultura a participación na actividade do Mercado Medieval con postos de venda de produtos, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos establecidos ou desde que se solicite a prestación de servizos desenvolvidos no Mercado Medieval.

Artigo 3.- Obrigados ao pago.

Estarán obrigados ao pago do prezo público aqueles que se beneficien das actividades organizadas polo Concello de Mondoñedo durante o Mercado Medieval.

Artigo 4.- Contía.

A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:

A) POSTOS NO MERCADO MEDIEVAL.

Posto propio	12€/metro lineal
Postos na praza da Catedral	18€/metro lineal

B) COMPRA DE TAZAS3 €/taza.

C) CEA MEDIEVAL10 €/comensal.

Artigo 5.- Cobro.

A obriga de pagar o prezo público nace no momento en que se admita a participación na actividade do Mercado Medieval con postos de venda de produtos, ou desde que se solicite a prestación de servizos desenvolvidos no Mercado Medieval.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de prema.

DISPOSICIÓN FINAL.

O prezo público comezará a rexer a partir do día seguinte á publicación no BOP e seguirá en vigor ata que se acorde a súa derogación ou modificación expresa polo Concello.

Dilixencia.- Foi publicada definitivamente no B.O.P. nº 201, de 31 de agosto do 2012.